

**PRIMEIRA RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA DE PROXECTOS SELECCIONADOS, EXCLUÍDOS E REXEITADOS DA MODALIDADE DIXITAL, SEGUNDO O PREVISTO NA RESOLUCIÓN DO 4 DE ABRIL DE 2022 DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA, DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, POLA QUE SE APROBAN AS BASES DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO REPOSITORIO DE PROXECTOS TECE REDES EN GALEGO, AO ABEIRO DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAI XACOBEO 2021-2022 (Fondo Xacobeo 2021-2022)**

**I. FEITOS**

1. Mediante a Resolución do 4 de abril de 2022 da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (na actualidade, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades), aprobáronse as bases da primeira convocatoria do repositorio de proxectos TeCe Redes en galego, ao abeiro do Fondo Xacobeo 2021-2022 (en adiante, repositorio TeCe Redes en galego), que foron publicadas o 8 de abril de 2022 na páxina web: [https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/\\_/Outras/convocatoria\\_0001/](https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_/Outras/convocatoria_0001/)

2. Segundo a base novena da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego, poderán presentar proxectos culturais e lingüísticos para a súa inclusión no repositorio TeCe Redes en galego as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e que non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, que teñan domicilio fiscal na Comunidade Autónoma galega e que acrediten que as actividades profesionais das persoas físicas ou o obxecto social das persoas xurídicas inclúen a dinamización da lingua galega. En concreto:

2.1. Persoas profesionais do sector cultural, creativo e artístico galego que estean vinculadas cos procesos de dinamización da lingua galega no desenvolvemento da súa profesión.

2.2. Empresas culturais e/ou artísticas que estean vinculadas cos procesos de dinamización da lingua galega no desenvolvemento da súa actividade.

2.3. Cooperativas culturais e/ou artísticas que estean vinculadas cos procesos de dinamización da lingua galega no desenvolvemento da súa actividade.



3. De acordo coa base décimo segunda da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego, o prazo de presentación de solicitudes é **de 15 días naturais**, computables desde o día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web <http://www.lingua.gal> e, polo tanto, o devandito prazo rematou o día 25 de abril de 2022.

## II. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1. A base décimo sexta da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego establece que para valorar as ofertas se constituirá unha Comisión Técnica de Valoración de proxectos para cada modalidade, que será designada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Cada unha delas estará integrada por un máximo de 5 persoas e incluírá un presidente ou presidenta e un secretario ou secretaria, con voz pero sen voto. Ademais, as comisións de valoración estarán asistidas por un equipo auxiliar de traballo.

2. O día 28 de abril de 2022, mediante senllos acordos do secretario xeral de Política Lingüística, nomeáronse as persoas que integran as dúas comisións de valoración das dúas modalidades de proxectos da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego. As comisións foron determinadas en función dos formatos dixitais e presenciais dos proxectos ofertados segundo o previsto na base sétima da primeira convocatoria TeCe Redes en galego, que permite combinar os diferentes formatos en calquera das súas modalidades. Neste caso, os proxectos mixtos, dixitais-presenciais ou presenciais-dixitais clasificaranse para a súa valoración na modalidade que constituía o obxecto principal ofertado.

3. A Comisión Técnica de Valoración de cada modalidade examinará e avaliará a calidade técnica e a viabilidade económica das propostas presentadas, de acordo coa información contida no **anexo I** da solicitude, en función dos criterios técnicos e económicos que se enumeran nos apartados a), b), c), d) e e) da base décimo sexta, 2 da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego e segundo o protocolo de actuación para obxectivar os criterios de selección, que está publicado



na seguinte ligazón: [https://www.lingua.gal/c/document\\_library/get\\_file?folderId=6773860&name=DLFE-24380.pdf](https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=6773860&name=DLFE-24380.pdf)

Segundo a base décimo sétima da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego, os proxectos seleccionados para cada modalidade publicaranse mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na páxina web [https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/\\_/Outras/convocatoria\\_0001/](https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_/Outras/convocatoria_0001/). Esta resolución, que non xerará dereitos económicos en favor das persoas licitadoras ata que se notifique individualmente a resolución de adjudicación do contrato correspondente de acordo coas prescricións da normativa contractual, indicará a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado por orde decrecente.

Polo exposto, segundo a proposta da presidenta da Comisión de Valoración Técnica, en representación do órgano Colexiado de valoración dos proxectos do repositorio TeCe Redes en galego, e de acordo co informe de valoración de cada proxecto e co protocolo de obxectivación dos criterios de selección do 3 de maio de 2022,

RESOLVO:

1. **Seleccionar** os proxectos da modalidade dixital e, dentro dela, os proxectos mixtos que combinan o formato dixital e presencial da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego e, así mesmo, iniciar, de ser o caso, os trámites administrativos e contables necesarios para a súa contratación.

1.1. Os proxectos seleccionados pódense consultar no **anexo I** (os proxectos dixitais puros e os proxectos mixtos, dixitais-presenciais) desta resolución.

1.2. A publicación da relación dos proxectos seleccionados para a modalidade dixital e, dentro dela, dos proxectos mixtos que combinan os dous formatos **terá carácter definitivo**, pero non xerará dereitos económicos en favor das persoas licitadoras ata que se lles notifique individualmente a resolución de adjudicación do contrato correspondente.



1.3. De ser o caso, as baixas definitivas dos proxectos dixitais e, dentro deles, dos proxectos mixtos desta modalidade, serán cubertas por outros proxectos dixitais ou mixtos da mesma modalidade da **lista de reserva**, ata o límite orzamentario das baixas definitivas e en orde decrecente segundo a súa puntuación.

**Os proxectos dixitais seleccionados pódense consultar no Anexo I desta resolución.**

2. **Excluír** os proxectos da modalidade dixital e, dentro dela, os proxectos que combinen diferentes formatos, polos motivos que se indican no **anexo II** desta resolución. **Os proxectos dixitais excluídos pódense consultar no Anexo II desta resolución.**

Excluíranse aqueles proxectos que, no procedemento establecido para a súa selección, non pasen á fase de valoración de proxectos pola Comisión Técnica de Valoración, polos motivos de exclusión administrativa previstos nas bases da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego.

3. **Rexeitar** os proxectos da modalidade dixital e, dentro dela, os proxectos que combinen diferentes formatos, polos motivos que se indican no **anexo III** desta resolución. **Os proxectos dixitais rexeitados pódense consultar no Anexo III desta resolución.**

Rexeitaranse aqueles proxectos que, malia que pasen á fase de valoración de proxectos no procedemento establecido para a súa selección pola Comisión Técnica de Valoración, sexan rexeitados por esta polos motivos previstos nas bases da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego.

Esta resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer



directamente un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Política Lingüística  
Valentín García Gómez

